Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil**

Materia	Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil			
Código	O05G110V01205			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Juan Luís Sueiro Domínguez, Encarnación			
Correo-e	juanluisrr@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia proporciona ao futuro docente un coñecemento detallado sobre o proceso de aprendizaxe dos seus alumnos/as e a forma de melloralo mediante procedementos de instrución axeitados.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudiantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudiantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudiantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico
C6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
C7	Identificar dificultades de aprendizaxe, disfuncións cognitivas e as relacionadas coa atención.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e da docente na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
C9	Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades.
C10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.

C19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
C22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer as características dos estudantes de infantil así como os seus contextos coa finalidade de estimular e potenciar o desenvolvemento persoal de nenos e nenas.	A1	B2 B6 B7	C4 C6 C19	
Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.	A2	B2 B3 B6	C1 C4 C7 C9 C10 C19 C22	D6 D12
Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade dos estudantes de infantil.	A1	B2 B4 B5 B10	C1 C4 C9 C22	D7 D11
Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período 0-6 no contexto familiar, social e escolar.	A1 A2	B2 B6 B7 B10	C1 C4 C6 C19	D1 D6 D12
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación en psicoloxía do desenvolvemento na idade infantil.	A3 A4	B7	C36	D1 D6
Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula de infantil.	A2	B4	C5 C6 C9 C19	D7 D12 D16
Promover o traballo autónomo e en equipo coa finalidade de mellorar o logro académico e desenvolver estratexias que permitan posteriormente participar na mellora dos procesos de desenvolvemento a través das prácticas educativas.	A4	B5 B10	C6 C8 C21 C29	D8 D9 D15
Promover o traballo cooperativo e o traballo autónomo que permita deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe con outros docentes e profesionais.	A4 A5	B5	C6 C8 C21 C29	D8 D9 D15 D16
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación en psicoloxía da educación.	A2 A3 A5	B7	C36	D1 D6 D13
Crear e manter lazos de comunicación coa familia para incidir eficazmente no proceso educativo.	A4	B10	C10	D3 D11
Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias.	A2	B3	C21	D1 D15 D16

Deseñar e materializar espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade.	A2	B3	C6 C8 C9 C19 C22	D2 D12 D16
Promover no grupo a aceptación de normas e o respecto aos demais.	A2	B4 B5	C5 C6 C9	D7 D11
Coñecer, deseñar e aplicar técnicas para identificar disfuncións na aprendizaxe.	A3 A4	B3 B6	C1 C4 C7 C9 C10 C22	D1 D6 D8 D16
Coñecer e deseñar situacións de aprendizaxe susceptibles de optimizar: o desenvolvemento de aspectos perceptivo-motrices; a linguaxe oral receptiva e expresiva; unha autoestima positiva e equilibrio emocional.	A2 A3	B2 B3 B4 B6 B7	C1 C4 C6 C7 C19 C22 C29	D1 D2 D7 D12 D16

Contidos

Tema	
1.Paradigmas e concepcións teóricas sobre a aprendizaxe e a aprendizaxe escolar.	Contribucións do condutismo á explicación dos procesos de aprendizaxe. Aprendizaxe por observación: a teoría social cognitiva. Aportacións do procesamento da información A teoría sociocultural de Vygotsky. A teoría de Bruner e a construción do coñecemento A teoría da aprendizaxe significativo de Ausubel. A concepción construtivista da aprendizaxe escolar.
2. Contextos e factores condicionantes da aprendizaxe na idade infantil.	Ámbitos educativos nas sociedades desenvolvidas. O contexto familiar. Funcións psicolóxicas e educadoras da familia. A interacción familia-escola. Programas de formación de pais. O contexto escolar. Características das prácticas educativas escolares. Factores persoais, contextuais e relacionais que favorecen a aprendizaxe na escola. O profesor/a: elemento clave da aprendizaxe dos alumnos/as. O alumno/a: axente, protagonista e responsable da aprendizaxe. Os contidos. Outros ámbitos educativos. Os mass media como instrumentos educativos.
3.Procesos de aprendizaxe na idade infantil.	Natureza, estrutura e formulacións teóricas sobre a intelixencia. Procesos e estratexias cognitivas e metacognitivas. Implicacións na aprendizaxe escolar. Avaliación e mellora das habilidades cognitivas.
4.Procesos afectivos e motivación académica na idade infantil.	Autoconcepto: formación e relación co rendemento académico. Emocións e aprendizaxe escolar. A motivación do estudante e a aprendizaxe escolar. Estratexias motivacionais.
5.Interacción alumno-alumno e profesor-alumno na educación infantil.	Estilos de ensino e efectividade docente. Relacións profesor-alumno: representacións, expectativas e interacción. A mediación instrucional. Interacción entre alumnos e aprendizaxe escolar.
6.Contexto familiar.TICs e aprendizaxe na etapa infantil.	O uso das TICs e a aprendizaxe escolar. O uso das TICs e a instrución.
7. Métodos e procedementos de investigación en Psicoloxía da Educación.	Importancia da investigación nesta disciplina. Métodos de investigación Técnicas de investigación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	0	6
Resolución de problemas de forma autónoma	6	15	21
Traballo tutelado	11	29	40
Debate	10	25	35
Aprendizaxe colaborativa	8	8	16
Aprendizaxe-servizo	2	2	4
Exame de preguntas obxectivas	2	9	11
Cartafol/dossier	5	10	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades dirixidas a tomar contacto e recoller información do alumnado e presentación da materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directoras dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exposición, por grupos, diante do grupo mediano, e despois por escrito ao profesor, dos resultados da valoración de tres alumnos/as de educación infantil (3, 4 e 5 anos), utilizando probas adaptadas a este alumnado co obxecto de detectar posibles causas das dificultades de aprendizaxe que poida manifestar un alumno/a e actuar en consecuencia.
Traballo tutelado	O estudante presenta no grupo pequeno oralmente, e logo ao profesor por escrito, exercicios adaptados ao alumnado de educación infantil, elaborados a partir das lecturas propostas polo profesor
Debate	O estudante presenta no grupo clase, aspectos dos contidos da materia, previamente preparados, utilizando material proporcionado polo profesor, ademais das aportacións persoais que poida realizar o estudante, utilizando a bibliografía suxerida.
Aprendizaxe colaborativa	O estudante en grupos base traballará contidos teóricos e prácticos a través de diferentes estruturas cooperativas simples e complexas. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social.
Aprendizaxe-servizo	Existe a posibilidade de que os estudantes substitúan unha tarefa do Cartafol/dossier e Aprendizaxe colaborativa por unha proposta de Aprendizaxe Servizo (APS) [Educa na diversidade para transformar a sociedade] que terá unha duración de 6 horas e consiste nun traballo en equipo, guiados por un plan de traballo que concreta as actividades, as entregas e os prazos. As fase e actividades do traballo tutelado son catro: 1) revisión bibliográfica; 2º) deseño do produto que se pon ao servizo da comunidade. 3º) Verificación do produto. 4º) De exposición e presentación do produto. Este plan de traballo adaptase ao tema e poboación que se vai a estudar e coa que se vai a intervir.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atención individualizada ao alumnado nas horas de tutoría
Aprendizaxe colaborativa	Realizarase unha valoración individual do traballo feito individualmente dentro do equipo base para propor as melloras correspondentes.
Aprendizaxe-servizo	Realizarase unha valoración individual do traballo feito individualmente dentro do equipo base para propor as melloras correspondentes do produto final.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	O estudante presenta no grupo pequeno oralmente, e logo ao profesor por escrito, exercicios adaptados ao alumnado de educación infantil, elaborados a partir das lecturas propostas polo profesor.	25	A1 A2 A3 A4	B4 B5 C9 C10 C19 C22	C5 C6 C1 C4	D8 D11 D12
Debate	O estudante presenta no grupo clase, aspectos dos contidos da materia, previamente preparados, utilizando material proporcionado polo profesor, ademais das aportacións persoais que poida realizar o estudante, utilizando a bibliografía suxerida, pode ser de forma oral ou escrita nos grupos de teoría (A).	10	A1 A3 A4	B2 B6 B7	C1 C4	D1 D2
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	40	A2 A3 A4	B2 B6 B7	C1 C4 C6 C8 C19 C36	D1 D2 D6

Cartafol/dossier	O estudante presenta, oralmente no grupo pequeno, e por escrito ao profesor, evidencias de cal foi o seu traballo con relación aos contidos da materia e a súa participación nos traballos de grupo.	25	A1	B2	C1	D1
			A2	B3	C4	D2
			A3	B4	C5	D3
			A4	B5	C6	D6
			A5	B6	C7	D7
				B7	C8	D8
				B10	C9	D9
					C10	D11
					C19	D12
					C21	D13
					C22	D15
					C29	D16
					C36	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nesta materia existen tres modalidades de avaliación: O alumnado debe comunicar a modalidade de avaliación pola que opta (continua ou global) nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre.

Alumnado presencial da modalidade de Avaliación Continua: Para o alumnado que siga a avaliación Continua, os traballos serán obrigatorios e contará a asistencia a clase, que tamén será obrigatoria (requírese unha asistencia regular de polo menos o 80% das sesións). Os traballos poderán ser entregados na aula ou subidos á plataforma (Moovi) segundo o calendario que sexa establecido. Para superar a materia será necesario que os alumnos obteñan polo menos o 50% da cualificación proposta para cada apartado, en cada proba ou actividade obxecto de avaliación. Aquel alumnado que non supere algunha das probas ou actividades obxecto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo.

Alumnado non presencial da modalidade Avaliación Global: No caso de que un alumno ou alumna opte por non seguir a avaliación continua e o traballo en grupo supervisado polo profesorado, terá unha avaliación das competencias da materia nun exame final, na primeira convocatoria e nas seguintes, que incluírá: unha proba dos contidos teóricos da materia (40% da nota final); un ou varios traballos de materia (40% da nota), e unha proba dos contidos prácticos da disciplina (20%).

Alumnado non presencial da modalidade de Avaliación Continua: Só para o alumnado que por motivos xustificadas de forza maior non poda asistir as clase (motivos laborais, académicos, alumnado doutros cursos) poderá seguir a avaliación Continua a distancia coa finalidade de favorecer a conciliación. Os traballos serán entregados na aula virtual (Moovi) segundo o calendario que sexa establecido. Este alumnado terá que comunicar e xustificar esta modalidade ó docente nas dúas primeiras semanas de curso.

Para superar a materia será necesario que os alumnos obteñan polo menos o 50% da cualificación proposta para cada apartado, en cada proba ou actividade obxecto de avaliación. Aquel alumnado que non supere algunha das probas ou actividades obxecto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo.

Para aprobar a materia, o alumno deberá obter polo menos o 50% da cualificación establecida cada unha destas partes. Todas as datas de exames oficiais pódense consultar na WEB da Facultade de Educación e Traballo Social, no apartado Datas Exames.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT). As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo "datos exames"

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Coll, C., Palacios, J. e Marchesi, A. (comps.), **Desarrollo psicológico y educación: Vol. II. Psicología de la Educación Escolar**, 2ª ed, Alianza Editoria, 2001

Feldman, J.R., **Autoestima ¿cómo desarrollarla?. Juegos, actividades, recursos, experiencias creativas.**, Narcea, 2000

Baque, M., **600 juegos previos a la lecto-escritura**, CEAC, 2001

González-Piñeda, J.A., González, R., Núñez, J.C. e Valle, A., **Manual de Psicología de la Educación.**, Pirámide, 2002

Bibliografía Complementaria

Alonso, J., **Motivar para el aprendizaje**, Edebé, 1997

Arranz, E. (coord.), **Familia y desarrollo psicológico**, Pearsons Prentice Hall, 2004

Beltrán, J., **Procesos, estrategias y técnicas de aprendizaje.**, Síntesis, 1993

Beltrán, J. e Bueno, J.A., **Psicología de la Educación**, Boixareu Universitaria, 1995

Beltrán, J., Moraleda, M., Alcañiz, E., G. Calleja, F. e Santiuste, V., **Psicología de la educación**, Eudema, 1995

Bueno, J.A. e Castanedo, C. (Coord.), **Psicología de la educación aplicada (2ª ed.)**, CCS, 2001

Coll, C (Coord.), **Psicología de la Educación**, Ediuoc, 1998

Coll, C., Palacios, J. e Marchesi, A. (comps.), **Desarrollo psicológico y educación: Vol. II. Psicología de la Educación**, 8ª impresión, Alianza, 1994

González, E. e Bueno, J.A. (Coord.), **Psicología de la Educación y del Desarrollo en la Edad Escolar**, CCS, 2004

- González-Herrero, M.E., López, O. e Prieto, M.D., **Psicología de la Educación**, Universidad de Murcia. ICE, 2003
- González-Pienda, J.A., Núñez, J.C., Álvarez, L. e Soler, E (Coord.), **Estrategias de aprendizaje**, Pirámide, 2002
- Del Barrio, M.V., **Emociones Infantiles. Evolución, evaluación y prevención**, Pirámide, 2002
- Elias, M.J., Tobias S.E. e Friedlander B.S., **Educación con inteligencia emocional**, Plaza y Janés, 1999
- Lantieri, L., **Inteligencia emocional infantil y juvenil. Ejercicios para cultivar la fortaleza interior en niños y jóvenes**, Santillana, 2009
- Martín, C., **Psicología del desarrollo y de la educación en la edad escolar**, Librería pedagógica, 1999
- Mayer, R.E., **Psicología de la Educación: Vol.II. Enseñar para un aprendizaje significativo**, Pearson Prentice Hall, 2004
- Moraleda, M. (coordl), **Psicología en la Escuela Infantil**, Eudeme, 1992
- Pozo, J.I., **Aprendices y maestros: la nueva cultura del aprendizaje**, Alianza, 1996
- Puente Carracedo, H., **Autoestima e aprendizaxe -unha aportación a través do debuxo**, Ir Indo Edicións, 1997
- Puente Carracedo, H., **A autoestima no ensino -unha resposta práctica ó fracaso escolar**, Nosa Terra, 2003
- Sampascual, G., **Psicología de la Educación**, UNED, 2001
- Santrock, J.W., **Psicología de la Educación**, McGraw-Hill, 2002
- Sastre Vilarrasa, G. e Moreno Marimon, M., **Resolución de conflictos y aprendizaje emocional**, Gedisa Editorial, 2002
- Sprinthall, N.A., Sprinthall, R.C. e Oja, S.H., **Psicología de la Educación**, 6ª edic., McGraw-Hill, 1996
- Trianes, M.V. e Gallardo, J.A. (coord.), **Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares**, Pirámide, 2004
- González-Pienda, J.A., González, R., Núñez, J.C. e Valle, A., **Manual de Psicología de la Educación**, Pirámide, 2002

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Psicología: Fundamentos psicolóxicos da intervención temperada/O05G110V01304

Psicología: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta/O05G110V01402

Psicología: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicología: Psicología do desenvolvemento de 0-6 anos/O05G110V01104

Outros comentarios

Recoméndase:

A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

A asistencia continuada ás sesións de clase e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte do estudantado.

O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.

Teranse en conta situacións persoais de non asistencia que deberán comunicarse nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre para os efectos oportunos.

Esta materia forma parte do Proxecto de Innovación Docente da Facultade de Educación e Traballo Social "Aprendizaxe Cooperativa" e da Aprendizaxe-Servizo (APS) "Educa na diversidade para transformar a sociedade".

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas baseadas en materiais de baixo impacto ambiental, en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios - Facultade de Educación e Traballo Social) e á normativa que establece a UVigo.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Educación: Educación para a saúde e a súa didáctica**

Materia	Educación: Educación para a saúde e a súa didáctica			
Código	O05G110V01301			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Boan Fernández, Francisco			
Profesorado	Boan Fernández, Francisco Vázquez Dorrio, Angel Manuel			
Correo-e	pacoboan@uvigo.es			
Web				
Descrición	Formacion inicial dos futuros mestres de Educación Infantil en educación para a saúde xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela no estudantado.
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C15	Coñecer os principios básicos dun desenvolvemento e comportamento saudables.

C16	Identificar trastornos no sono, a alimentación, o desenvolvemento psicomotor, a atención e a percepción auditiva e visual.
C17	Colaborar cos profesionais especializados para solucionar os devanditos trastornos.
C18	Detectar carencias afectivas, alimenticias e de benestar que perturben o desenvolvemento físico e psíquico adecuado do estudiantado.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Liderado
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Coñecer os principios básicos do desenvolvemento e dos comportamento saudables.	A1	B1	C15	D1
	A2	B2		D4
	A3	B3		D6
	A4	B4		D13
	A5	B5		D14
		B8		D15
2. Identificar no alumnado trastornos relacionados coa saúde: alimentación, desenvolvemento psicomotor, a atención, a percepción auditiva e visual, o sono, etc.	A1	B1	C16	D1
	A2	B8		D12
	A3			D14
	A4			D15
	A5			
3. Colaborar cos profesionais especializados en temas de saúde infantil.	A1	B1	C17	D2
	A2	B2		D3
	A3	B3		D7
	A4	B5		D8
	A5	B6		D9
		B8		D10
		B9		D11
		B10		D13
		B12		D14
				D15
				D16
				D18
				D19
				D20
4. Detectar e valorar carencias afectivas e de benestar que perturben o desenvolvemento físico e psíquico adecuado dos estudantes.	A1	B1	C18	D12
	A2	B8		D14
	A3	B10		D15
	A4			
	A5			

5. Saber deseñar, elaborar e avaliar actividades e recursos didácticos para temáticas relacionadas coa saúde do alumnado.	A1	B1	C15	D1
	A2	B2		D2
	A3	B3		D3
	A4	B4		D5
	A5	B5		D6
		B7		D8
		B8		D13
		B9		D14
		B10		D15
		B11		D16
		B12		D17
				D21
6. Saber avaliar programacións realizadas tendo en conta as directrices establecidas por la lexislación vixente para a etapa educativa de infantil.	A1	B1	C15	D1
	A2	B2		D2
	A3	B3		D3
	A4	B4		D5
	A5	B5		D6
		B7		D8
		B8		D9
		B9		D11
		B10		D13
		B11		D14
		B12		D15
				D16
		D21		

Contidos

Tema

1. Concepto de saúde	Evolución histórica do concepto de saúde. Elementos que configuran o actual concepto de saúde. Factores condicionantes da saúde.
2. Aproximación ao concepto de Educación para a saúde (EpS).	Modelos en EpS. Promoción da saúde. Estratexias didácticas para promover a EpS na escola.
3. Alimentación e consumo	Alimentación e nutrición. Compoñentes dos alimentos. Novos alimentos. Dieta equilibrada. Problemas asociados a unha mala alimentación. Hábitos alimentarios. Alimentación e consumo.
4. Educación afectivo-sexual	Sexualidade e as súas funcións. Identidade sexual. Sexo-xénero. Orientación sexual. Condutas sexuais.
5. Orientacións sobre o consumo de drogas	Alcohol e tabaco. Outras drogas.
6. Outros temas relacionados coa saúde	Hixiene e saúde, contaminantes e a saúde, accidentes infantís.
7. Desenvolvemento da EpS na escola.	Recursos. Actividade. Técnicas de avaliación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	10	30
Traballo tutelado	22	26	48
Seminario	10	22	32
Traballo tutelado	0	40	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Clases maxistras dialogadas sobre temas de fundamentación teórica. As exposicións teóricas realizadas serán en modo presentación PowerPoint. Estas teñen por finalidade, presentar ao alumnado unha información organizada e estruturada en forma de cadros e esquemas de sínteses. Co fin de mellorar o valor didáctico deste método expositivo introduciranse elementos de motivación que inviten ao alumnado á participación, ao debate razoado e xeren un ambiente de aprendizaxe dinámica e aberta. Para que isto suceda, incorporaranse paralelamente os seguintes recursos e estratexias didácticas: exploración das ideas ou coñecementos previos dos estudantes, proxección de materiais audiovisuais, comentarios de textos, animacións, etc.
Traballo tutelado	O principal obxectivo será iniciar ao alumnado no desenvolvemento de determinadas habilidades, capacidades e destrezas para traballar a Educación para a saúde nas aulas de Educación Infantil.
Seminario	Sesións presenciais que o alumno en pequeno grupo mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Por outra banda realizarase un proxecto de indagación de APS - Aprendizaxe servizo.

Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
-------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O/a estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Seminario	Sesións presenciais que o alumnado en pequeno grupo mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Lección maxistral	Valorarase a participación activa nas clases. Tamén se fará unha proba tipo test	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3	C15 C16 C17 C18	D1 D3
Traballo tutelado	Valorarase a participación activa nas diferentes sesións prácticas programadas na materia. Cartafol/dossier de documentos elaborados polo estudante que recompila información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C15 C16 C17 C18	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D20 D21
Seminario	Valoración do desenvolvemento de actividades sobre Educación para a saúde e do proceso de aprendizaxe. O alumnado, de xeito individual ou en grupo, elabora documentos ou actividades sobre distintas temáticas da materia. Prepara investigacións, memorias, comentarios críticos de lecturas, presentacións.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C15 C16 C17 C18	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D20 D21

Traballo tutelado	Traballos e proxectos: O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos.	40	A1	B1	C15	D1
			A2	B2	C16	D2
			A3	B3	C17	D3
			A4	B4	C18	D4
			A5	B5		D5
				B6		D6
				B7		D7
				B8		D8
				B9		D9
				B10		D10
				B11		D11
				B12		D12
						D13
						D14
						D15
						D16
						D17
						D18
						D19
						D20
						D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose aprobadas, polo tanto, nese curso académico.

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Datas exames: As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade no espazo exames.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrírase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios □ Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Xunta de Galicia, **Decreto 330/ 2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**, Xunta de Galicia, 2014

MEC, **La educación para la salud (pp 81-118) en MEC Infantil. Temas transversales.**, MEC, 1992

Costa Cabanillas, M., **Educación para la salud : guía práctica para promover estilos de vida saludables**, Pirámide, D.L., 2008

Dapía Conde, **Educación para a saúde como reto do século XXI, orientacións para a súa avaliación.**, Servicio de publicacións da Universidade de Vigo., 2000

Bibliografía Complementaria

Molina, M.C. e Fortuna, M., **Experiencias educativas para la promoción de la salud y la prevención**, Alertes Psicopedagogía, 2003

Salas, C., **Educación para la salud**, Prentice Hall, 2008

Salvador Llivina, T. e Suelves Joanxich, J.M., **Ganar salud en la escuela: guía para conseguirlo.**, Ministerio de Sanidad y Política Social: Secretarí, 2009

Serrano González, M.I., **La Educación para la salud del siglo XXI : comunicación y salud**, Díaz de Santos, 2002

Recomendacións

Outros comentarios

As estratexias de ensino deberán adaptarse ás circunstancias que se vaian producindo ao longo do curso.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade**

Materia	Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade			
Código	O05G110V01302			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Doval Ruiz, María Isabel			
Profesorado	Doval Ruiz, María Isabel			
Correo-e	mdoval@uvigo.es			
Web	http://https://fcce.uvigo.es/es/docencia/profesorado/maria-isabel-doval-ruiz/			
Descrición xeral	<p>A materia Escola Inclusiva e Atención á Diversidade constitúe unha materia de Formación Básica enmarcada no segundo curso do Plan de Estudos do Grao en Educación Infantil. Esta materia resulta especialmente relevante para a formación do futuro docente, xa que nela analízanse e desenvólvense tendencias e achegas actuais que permiten un achegamento aos coñecementos fundamentais dunha escola para todos, considerando diversas situacións de diversidade. Así, a principal aprendizaxe que se pretende promover a través desta materia é a relativa á natureza e os problemas que afectan á educación cando se enfronta a contextos educativos heteroxéneos na etapa de Educación Infantil.</p> <p>De acordo coa situación actual do sistema educativo, requírense profesionais cualificados que, ademais de contar cun coñecemento xeral sobre o deseño e a planificación do ensino, as características do proceso de ensino-aprendizaxe etc., sexan capaces de realizar os devanditos deseños tendo en conta a diversidade do alumnado presente nos centros educativos e nas aulas. Tamén é necesario que coñezan as distintas situacións educativas de nenos e nenas que presentan dificultades de aprendizaxe e de atención, coa fin de identificar e aplicar os recursos e metodoloxías máis adecuadas, que ofrezan as mellores oportunidades de educación e inclusión escolar.</p> <p>Materia do programa English Friendly. O alumnado internacional poderá solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) titorías en inglés, e c) realización de probas e avaliacións en inglés.</p> <p>Materia do programa Portugués Amigável. O alumnado internacional poderá solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en lingua(s) estranxeira(s), b) titorías en lingua(s) estranxeira(s), e c) realización de probas e avaliacións en lingua(s) estranxeira(s).</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudiantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela no estudiantado.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e da docente na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
C10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
C19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
C22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellora en educación infantil.
C30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e en colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.

C61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estructurar e promover a aprendizaxe autónoma do alumnado á luz dos obxectivos e contidos propios do correspondente nivel educativo, desenvolvendo estratexias que eviten a exclusión e a discriminación.	A2	B11		D1 D2 D9 D12
Respectar as diferencias culturais e personais do alumnado e demais membros da comunidade educativa.		B2	C19	D2 D7 D9 D14
Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades e realizar actividades educativas de apoio no marco dunha educación inclusiva.	A2		C21 C61	D9 D12 D13 D16
Experimentar un clima de relación positivo e de respecto que evite a exclusión ou discriminación mediante a construción de normas de convivencia democrática, afrontando e resolvendo de forma colaborativa situacións problemáticas e conflitos interpersonais de natureza diversa, como modelo de relación que logo poidan aplicar a súa práctica profesional		B3 B11	C10 C21	D1 D2 D7 D9 D12 D13 D14 D16
Dinamizar co alumnado a construción participada de regras de convivencia democrática, e afrontar e resolver de forma colaborativa situacións problemáticas e conflitos interpersonais de natureza diversa.		B11	C19	D2 D7 D9 D17
Adquirir habilidades básicas de deseño e aplicación didáctica adaptada que faciliten a inclusión de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo e desenvolver propostas de acción dentro dun enfoque comprensivo da educación diversificada.	A2	B3	C21 C22 C61	D1 D2 D7 D9 D17
Deseñar e desenvolver proxectos educativos e unidades de programación que permitan adaptar o currículo ao contexto sociocultural e ás diferentes características do alumnado.		B3	C21 C30	D2 D9
Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, á liberdade, á experimentación, á imitación, á aceptación de normas e de límites.		B11	C19	D1 D2 D14 D16
Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción entre iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, a traballo cooperativo e o esforzo individual.		B11	C10	D12 D16 D19
Saber informar aos outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre/a na atención ás necesidades educativas especiais.			C8 C21 C23	D1 D12 D14

Contidos

Tema	
1. A escola inclusiva: a escola de cada un.	- Os procesos de Exclusión e Inclusión no ámbito social - Respostas escolares ante a diversidade - A educación inclusiva : perspectiva internacional
2. Concepto de atención á diversidade	Perspectivas ao redor da atención á diversidade. Atención Individual vs Atención Personalizada

3. A atención á diversidade no sistema educativo	A atención á diversidade no sistema educativo: perspectiva histórica A atención á diversidade no sistema educativo: comunidades autónomas A atención á diversidade en Galicia
4. Tratamento e prevención das dificultades de aprendizaxe e da atención	- Dificultades de aprendizaxe ou dificultades de ensino - Enfoque bio-médico e enfoque social - Resposta educativa ante as dificultades de aprendizaxe
5. Programas e estratexias educativas de atención á diversidade nos centros educativos	- Programas educativos centrados na comunidade - Programas educativos centrados na escola - Programas educativos centrados na aula
6. Diagnóstico e avaliación para a atención a diversidade	- Diferenzas entre avaliación e diagnóstico - A identificación de necesidades educativas - Modelos de asesoramento e apoio.
7. Medidas de atención á diversidade	- Medidas de atención á diversidade xerais - Medidas de atención á diversidade específicas
8. Adaptacións curriculares	- O modelo de adaptación curricular a exame - Tipos de adaptacións segundo a normativa - O curriculum para todos
9. Integración Escolar	Da integración escolar á Inclusión

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	30	40
Presentación	10	10	20
Resolución de problemas	22	30	52
Traballo tutelado	8.5	25.5	34
Cartafol/dossier	1	2	3
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Presentación	Exposición por parte do alumnado dalgúns contidos referidos á materia ou produto dun traballo. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios ou problemas propostos de forma cooperativa polo profesorado reflexionando e interpretando os coñecementos da materia e desenvolvendo solucións adecuadas. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social
Traballo tutelado	Desenvolvemento dun traballo ou proxecto por parte do estudante baixo as directrices e supervisión do profesor. Inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, Tics, redacción...

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Realizarase en titorías individuais e/ou grupais sobre os contidos da materia así como apoio e orientación sobre as estratexias metodolóxicas e actividades desenvolvidas na materia.
Traballo tutelado	Realizarase en titorías individuais e/ou grupais sobre o contido do traballo.
Resolución de problemas	Apoio e orientación aos estudantes co obxecto de resolver as súas dúbidas, tanto individualmente como grupalmente na aula ou en titorías.
Probos	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Atenderase a través de titorías as cuestións ou dúbidas que poida presentar o alumnado previamente ao exame.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas	Resolución de exercicios ou problemas con solucións adecuadas	30	A2	B2 B3 B11	C8 C10 C19 C21 C22 C23 C30 C61	D1 D2 D7 D9 D12 D13 D14 D16 D17 D19
Traballo tutelado	Avaliación dos traballos realizados e entregados polos alumnos/as. Presentación. O alumnado poderá convalidar o traballo titorizado da materia por un máximo de 30 horas de participación en actividades organizadas polo centro educativo, sempre que ditas actividades estean relacionadas cos contidos da materia e contén con acordo previo da profesora responsable. A participación deberá acreditarse mediante evidencias documentais (certificados, xustificantes de asistencia, informes, etc.). Esta opción ten como finalidade fomentar a implicación directa do alumnado na FETS e promover unha formación práctica e comprometida.	30	A2	B2 B3 B11	C8 C10 C19 C21 C22 C23 C30 C61	D1 D2 D7 D9 D12 D13 D14 D16 D17 D19
Exame de preguntas obxectivas	Probas obxectivas, de preguntas curtas e unha pregunta-tema a responder entre varias, con base nos contidos fundamentais da materia	40	A2	B3	C10 C19 C21 C61	D1 D7 D12 D13 D19

Outros comentarios sobre a Avaliación

Criterios para superar a materia 1ª convocatoria:

